

SERMOS adegas

Caderno de análise sobre ecoloxismo e o ambiente
Realización: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) en parceria con SERMOS GALIZA
Coordinación: Manuel Soto Castiñeira e Xosé Salvadores Cobas



ARQUIVOS ADEGA E FUNDACIÓN EIRA

CADERNO DE ANÁLISE. QUINTA-FEIRA, 15 DE OUTUBRO DE 2015 • NÚMERO 3 **SERMOS GALIZA**



A EIRA DA XOANA

A Eira da Xoana é un proxecto de educación ambiental e recuperación do patrimonio, un espazo de achegamento ao mundo rural e ás súas particularidades, que desde o Alto Ulla aposta polo futuro do rural. Desde a Eira da Xoana, ADEGA achéganos a cultura e o bo facer da nosa tradición máis auténtica e sustentábel.

UM LAR PARA QUEM AMA A CULTURA E A NATUREZA Páx. 2

ENTREVISTA. Marcial Barral Vasques, coidador e dinamizador da Eira da Xoana. Páx.3

O CASTRO DE REMONDE Páx.4

BIODIVERSIDADE NA EIRA DA XOANA Páx.5

ACTUALIDADE AMBIENTAL EN IMAXES. O traballo ecoloxista das últimas semanas. Páx. 6-7

A EIRA DE XOANA, ESE LUGAR IDÍLICO Páx. 8

QUE É PARA TI A EIRA DA XOANA?



ADELA FIGUEROA, CURRA.

Na Eira da Xoana sentimos a forza telúrica da Terra que nos prende e enche de energia. Celebramos cultura e orixens. Num aturujar forte e dondo chamamos pola gente do país a unir-se ao noso canto.

A EIRA DA XOANA

Um Lar para quem ama a cultura e

Adela Figueroa

Equipa da Eira da Xoana (ADEGA)

AEira da Xoana é um projeto de ADEGA em que buscamos a identificação com a Terra e com a cultura que nela se criou, por isso na Eira da Xoana temos uma programação ampla, que visa à confluência entre natureza e cultura, num sincretismo que faça ressaltar aquela simbiose que se criou entre os seres humanos e a terra da Galiza e que deu lugar a uma cultura agrícola de autossuficiência, como foi a galega durante milheiros de anos, procuramos as nossas origens e tentamos fazer uma projeção de futuro.

Por isso fazemos feiras (no outono e na primavera) em que a moderna maneira de entender o agro aparece em sintonia com a tradicional. As amigas de Negueira de Muñiz, a Cooperativa agroecológica Rainha Lupa de Quilmas (Carnota) ou as artesãs de Lugo, são algumas das fieis assistentes. Também a padeira de Carteira ou o nosso amigo de Arqueixal de Palas vêm sempre ter conosco.

Todas as atividades que se fazem na Eira da Xoana são multidisciplinares.

Porque sabemos que a cultura é um conjunto de saberes que vai desde a terra à criatividade musical e poética. Dizia Luís Pimentel, "A Poesia é o grande milagre do mundo" e lá, na Eira da Xoana, concordamos. Música e literatura dão-se a mão na nossa casinha em cada encontro que lá temos. Cantamos ao nosso grande carvalho que medra diante da porta, sinalando o lugar sagrado em que os caminhos se cruzam e onde, em tempos estava o cruzeiro que agora fica fronte à Igreja (A capelinha românica de São Martinho, que nos guarda desde o seu lugar intemporal de mais de 900 anos de antiguidade).

Grande árvore és tu, Carvalho da Eira da Xoana / A teu carão amoroso /

Milheiros de almas dançam / nas beiras do caminho que tu já governaras / Mistério das noites de luar, banhadas em luz branca...

Na Eira da Xoana sentimos a força telúrica da Terra que nos prende e enche de energia. Celebramos cultura e origens. Num aturujar forte e dondo chamamos pola gente do país a unir-se ao nosso canto. Porque a Terra nos reclama. Por isso foi convocado o dia da Poesia, na Primavera, que nos chamamos O Aturujar pola Terra. Muitos poetas e escritores têm participado. Nestas duas convocatórias mais de cem têm passado polo nosso eirado. Fica a sua pegada poética no nosso livro de visitas e na alma da Eira da Xoana. Vindos dos quatro recantos do Planeta, de lugares longínquos: Brasil, Peru, Portugal, Áustria, França, todos encontraram seu lugar na Eira da Xoana. E consta-nos que foi para eles e elas uma experiência, forte e sã.

Neste nosso interesse por conhecer e partilhar outras culturas tivemos no Dia da Diversidade Cultural a José Paz Rodríguez pedagogo, a falar-nos da Índia e da sua experiência em Santiniketam, na Calcutá. Fruto



de esta visita vai ser a estadia lá de duas pessoas da Eira, que tentaremos fazer uma parceria com a casa de Galiza de aquela Universidade Tagoreana para fortalecer os laços com outras experiências de participação e convívio com a Terra.

Na Eira da Xoana celebramos a VIDA. Com maiúsculas. Não damos lugar para o pessimismo que tão frequentemente invade os espíritos vencidos. Porque no amor à Terra encontramos a força para a luta. Sempre polo nosso país, em fraternidade com os outros que o necessitem.

Apresentações de livros têm sido feitas lá com grande êxito. Paulo Soriano, de Salvador da Bahia, Ruço da Universidade de Lugo, Adela Figueroa com celsa Sánchez, Cristina Gende vizinha de Merza, Iolanda Aldrei de Compostela, ou Maria do Vigo de Lisboa, Luz Fandinho, Felipe Senen, Xurxo Souto, Marica Campo, são algumas das pessoas que tem lido seus poemas lá.

Queremos á Terra e queremos mudar o mundo em que vivemos. Desde a Eira da Xoana tentamos uma revolução

verde, poética e pacífica junto com os músicos que nos têm acompanhado como os da Quenlla (Mini e Mero já são da casa) ou Pilocho, Miro Casabella, ou os do Bico da Balouta, grupo que nos acompanha na maioria dos nossos atos. O Coro Lugh de Lugo também tem estado lá oferecendo-nos as suas canções. Porque nos sabemos que não há celebração sem música.

Celebramos as festas do ciclo agrícola sem esquecer a sua transcendência. Grandes vultos da cultura de Galiza nos têm acompanhado neste nosso empenho, como Felipe Senen, Francisco de Ana, Xurxo Souto, Isaac Alonso Estraviz, ou o entranhável Anxo Moure que nos trai o Apalpador cada solstício de Inverno junto com as luzes dos fochos acessos que fazemos descer desde o "cotom dos fogos" (o ponto mais alto do nosso quintal).

Convidamos, desde estas páginas, a visitar a nossa casa, lar de ecologia, de cultura e de boas vibrações, que esperamos serva de facho para todas as pessoas que cremos na solidariedade, na justiça e na harmonia do Universo.

**QUE É PARA TIA A EIRA DA XOANA?**

TAMARA. Un lugar de encontro de boa xente, solidaria e xenerosa, que, en pleno corazón da Galiza, convértese en lugar de lecer e divertimento no que aprendemos e reafirmámonos na nosa cultura e medio ambiente galego. Demostra que, se queremos, outro mundo é posible.



ELVIRA. Un espazo activo e participativo, un espazo para o medio ambiente, as artes e as letras. Un espazo vivo e vivido por xente diversa que pon o que ten e o que sabe ao servizo da convivencia. Un equipamento dinámico e enriquecedor, con traballo e festas, sempre aberto a quen queira partillar faceres, saberes ou sabores.

a natureza



Marcial Barral Vasques,
veciño, coidador e dinamizador da Eira da Xoana

"A xente que ven á Eira toma contacto co rural, ve e aprende a forma de vivir aquí"

Qué é o Alto Ulla? E a súa situación socioeconómica?

O Alto Ulla está formado polos concellos das comarcas de Arzúa, Melide, A Ulloa e o Deza, que son os que conforman a cabeceira do río Ulla. No punto de confluencia está a Eira da Xoana. Abrangue zonas con maior desenvolvemento agrogandeiro (Lalín, Arzúa...) e outras onde o desenvolvemento maior dáse no sector turístico (Camiño de Santiago, principalmente, caso de Paldas de Rei e Melide). Como todo o rural galego, está a esmorecer e perder poboación. Con todo, isto pódese corrixir ou minorar promovendo medidas que dinamicen esta bisbarra natural, facéndoa máis atractiva, especialmente para a xente moza.



dación Eira?

A Fundación Eira pretende ser unha ferramenta para levar a diante proxectos de protección do medio natural e tamén do patrimonio: Castro de Remonde, novas zonas de custodia do territorio, etc., e conseguirmos o importante obxectivo de por en valor o territorio a través de proxectos concretos que impliquen a máis xente, mesmo de fora de Adegas. Con todos estes proxectos procuramos propostas en positivo. Nunha asociación tan reivindicativa como é ADEGA, había que buscar maneiras de demostrar que as cousas poden funcionar doutro xeito, e facelo, claro.

Cóntanos como é un día de traballos na Eira

Comezamos por facer o máis básico, limpar a casa, regar, mover a burra se é o caso, ou o máis urxente como pode ser arranxar a auga se fai falta. Logo a actividade correspondente, que sempre vai vir condicionada polo número que persoas que nos xuntamos: rozar, plantar, cortar invasoras (eucaliptos)... Canta máis xente hai, máis cousas podemos facer; loxicamente. Ao mediodía son horas de gozar do xantar comunitario onde cada persoa trae o seu para partillar, aproveitando para o convivio tan necesario nun traballo de grupo. Rematado o imprescindible café, comezamos a sesión de tarde, onde acostumamos a planificar as vindeiras actividades ou ben continuar cos traballos, segundo as necesidades. O remate da xornada varía segundo o horario de cadaquén. Hai xente que marcha antes polas súas necesidades e outros fican ate bastante máis tarde e aproveitan para rematar as sobras do xantar que, normalmente, son suficientes para unha boa merenda-cea.

E un día de celebracións?

Iso varía, dependendo de cando se fagan. Se se fan de tarde, xuntámonos para xantar, ou antes, para prepararmos as cousas para o evento que acostuma a comezar polas catro e media ou cinco, rematando a beira da noite. Se se fan de tarde-noite, xuntámonos a media tarde. Estou pensando no Solsticio de inverno ou no de verao. Neste caso rematamos... cando os folgos se acaben, por utilizar un simil gaiteril.

Que acollida ten o proxecto na comarca?

Penso que boa. Ao principio había unha certa desconfianza, pois a xente non sabía de que ía o tema, mais segundo foi pasando o tempo, gañamos en confianza e en comunicación. Hai un certo número de persoas que xa veñen ás actividades porque están en contacto coa nosa páxina. Antes había que avisar a todo o mundo. Tamén funciona segundo as actividades. Por exemplo, os veciños máis achegados non acostuman a vir aos traballos, mais si as feiras. Os dos concellos limítrofes, veñen máis as celebracións (solsticios, aturuxo...).

Que lle ofrece a Eira á xente de fora da comarca?

Basicamente entendo que ofrece aquilo para o que foi criada. Explicome, a xente das cidades ou doutras zonas do rural galego, poden tomar contacto coa forma de vivir aquí, practicar os labores, ver, e aprender, como se fan aquí os valados e todo tipo de obradoiros, etc.

A Eira da Xoana, é algo máis que unha casa?

Desde logo que si. É un lugar onde convivir; interpretar como se vivía hai 45 ou 50 anos para atrás na Galiza do interior. Así, eu destacaría as feiras, os solsticios de inverno e de verao, e as visitas organizadas como os roteiros polo Ulla ou as visitas dos colexios.

Que se pretende coa posta en marcha da Fun-

MÁS SOBRE A EIRA DA XOANA

SÁBADO 31 DE OUTUBRO:

OBRADOIRO DE EDICIÓN DE VIDEO. En colaboración coa Asociación Enfócame de Melide.

SÁBADO 07 DE NOVIEMBRE:

SAÍDA MICOLÓXICA. Contaremos co asesoramento e guía do farmacéutico e micólogo Alberte Granja.

DOMINGO 08 DE NOVIEMBRE:

VIII FEIRA NA EIRA DA XOANA. Se queres colocar un posto, facer un obradoiro, tocar algo de música ou outras achegas, ponte en contacto con nós.

<http://eiradaxoana.gal/>



ANXO MOURE. Un refuxio onde descansar, repensarse e replantarse, oxixenarse e seguir percorrendo ese longo e as veces canso pero irrenunciable camiño da loita pola esperanza dos bosques, pola liberdade dos ríos. Unha pousada para alimentarse do cantar, do falar ou do musicar e do contar das persoas que tamén son ríos, vento, chuva e árbore (bidueira, aciñeira, buxo, carballa...).



MIRO CASABELLA. Foi para min moi grata a estadia que pasei nun día de verao na eira, natureza, música, baile e amizade.



O Castro de Remonde

Antón Malde. Arqueólogo. Director dos grupos de investigación de Oena Furada e o Castro das Travesas



O castro de Remonde é un pequeno recinto fortificado cun recinto principal ou cubela de apenas media hectárea e quizá un pequeno antecastro. Emprázase nun esporón que aguilloa o ribeira do río Pambre, fronte ao castelo do mesmo nome.

O seu emprazamento, nun esporón que aguilloa o ribeira de río Pambre, domina boa parte da bacia alta deste río e expresa monumentalidade. Rexístranse foxos escavados na rocha, quizá pola dureza do granito local, e as murallas alcanzan en certos puntos máis de 5 metros de altura. O sistema de acceso tamén é moi complexo, o antecastro parece estar máis relacionado coa defensa externa da entrada, que cunha función de recinto auxiliar como noutros castros da contorna.

O interior da cubela é un misterio. Neste momento, tras unha limpeza de vexetación, estase a realizar a topografía de detalle. Mais cha-

ma poderosamente a atención a configuración en funil da zona interna da entrada, que ocupa a metade da cubela. Non sabemos se está configuración é resultado da extracción moderna de material, ou é un sistema deliberado para dificultar o acceso e a circulación interna. Non é habitual que os sistemas defensivos ocupen o interior dos castros, salvo que se pretenda reforzar o carácter defensivo. O espazo útil fica reducido a tan só 1500 m². Isto pareceríanos moito esforzo o requirido na construción do castro e pouco sitio para vivir, agás que non fora con preferencia para vivir.

A limpeza vexetal permitiu descubrir un gran alxibe escavado na rocha, que permite o fornecemento de auga de forma independente dos ríos próximos.

Non parece casual a relación de proximidade do castelo de Pambre, emprazado na outra beira do río, no cal, recentes escavacións arqueolóxicas, teñen atopado un marabilloso material castrexo.

Quizá a clave estea en comprender o territorio no que se sitúan estes monumentos, polo que descorren importantísimos camiños. É ben coñecido o Camiño Francés que até a construción da N-VI foi a vía principal de comunicación coa Meseta. Mais a antiga planimetría

mostra un outro camiño que pasaba por Remonde, desviándose do Camiño Francés, baixaba até Vilamarín a carón da Serra de Faro.

Antes de iniciar os traballos arqueolóxicos máis profundos, quizá aquí teñamos unha das claves para entender deste sitio: un lugar estratéxico de paso na Idade de Ferro que continuou até a Idade Media coa edificación do maxestoso castelo de Pambre.

Na actualidade, unha vez rematados os traballos de despexe do mato grosso que cubría a totalidade do castro, a Fundación Eira da Xoana, en colaboración co concello de Palas de Rei e outros organismos, pretende continuar os traballos. A posibilidade de ver a totalidade do castro, oculto durante moitos anos, permitirá establecer accións e decidir puntos de interese para futuras actuacións como limpezas máis finas ou a escavación dalgún sector.

O proxecto aspira a converter o castro nun recurso turístico activo xunto co castelo de Pambre. E ao mesmo tempo busca crear un espazo educativo no que se podan desenvolver tanto prácticas universitarias de arqueoloxía e turismo, como didáctica para escolares. Neste sentido é un espazo privilexiado pola calidade dos monumentos, o contorno e as boas comunicacións.

QUE É PARA TI A EIRA DA XOANA?



MARIE LACASSAGNE.

Un niño moi acolledor no corazón da Galiza, vive ao ritmo da terra, de actividades variopintas e da boa onda da súa xente.



LUZ FANDIÑO.

Eira da Xoana, paradiso galego, berce das nosas raíces onde ledas / danzan as fadas.

Eira da Xoana e biodiversidade

Xurxo Mouríño

Biólogo. Consultor ambiental.



AEira da Xoana encóntrase moi próxima ao centro xeográfico de Galicia, entre as comarcas do Deza, das Terras de Melide e da Ulloa, e a menos de medio quilómetro de distancia do curso do río Ulla. Por tanto, áchase no límite oriental da zona de termicidade climática que penetra polo río Ulla e que permite, por exemplo, a aparición de bosques con sobreiras e con érbedos, especies de óptimo mediterráneo que se atopan nun contexto bioxeográfico atlántico.

As carballeiras que orixinalmente dominaron este territorio, na actualidade acadan aínda certa representación, se consideramos a súa redución e degradación no conxunto do país. A paisaxe de suaves relevos, a pesar da epidemia do abandono rural, conserva esa mestura de prados e agros con sebes, entre pequenas manchas de arborado autóctono, piñeirais e unha crecente presenza de plantacións de eucaliptos, salpicada por pequenas aldeas relativamente distantes. Na vertente norte do val do Ulla destaca a superficie de matogueiras vencelladas aos afloramentos de rochas serpentínicas, que supoñen unha extraordinaria illa –falando en termos de biodiversidade– de substrato ultrabásico no consabido contexto acedo da xeneralidade do territorio galego, derivado de xistos, granitos e rochas semellantes. Alén diso, os solos serpentínicos conteñen concentracións elevadas de varios metais pesados, tóxicas para moitas plantas e que provocan unha elevada especialización da flora.

As serpentinas de Melide, protexidas sobre o papel –que non na práctica– pola Zona de Especial Conservación chamada Serra do Careón (Rede Natura), son unha zona quente de biodiversidade na Europa, principalmente no aspecto botánico, xa que conta con varias especies exclusivas desta área (endemismos), isto é, só se encontran aquí en todo o planeta: unha herba de namorar *Armeria merinoi*, unha margarida grande *Leucanthemum gallaecicum*, *Santolina melidensis*, *Centaurea janeri* subsp. *gallaecicum* e outras aínda en descrición. Todas elas ameazadas pola súa escasa área de distribución e as transformacións dos seus hábitats, pese a estar listadas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto



Paporrubio e pintigas propias da zona.



88/2007). Máis unha ducia de especies de plantas que crecen nestas terras serpentínicas son moi raras no resto de Galiza.

Outro espazo natural destacado a carón da Aira da Xoana é o das Torrentes do Ulla, no límite xeográfico entre a Ulloa e o Deza, onde o río descende uns cen metros de altitude en pouco máis de 2 Km, conformando unha paisaxe de cachóns, pozas e augas rápidas, fogar da toupa de río, a lontra e o merlo acuático ou lavacú. O

Ulla atravesa aquí o sistema de serras que vertebrada a Galiza, a chamada Dorsal Galega, creando un vale encaixado, de fortes pendentes, que serve de refuxio de flora forestal, con plantas como o loureiro ou o érbedo que xa non conseguen proliferar nas frías terras da Ulloa. As Torrentes do Ulla non gozan aínda de ningún tipo de protección oficial e son, ademais, un espazo de interese recreativo como zona de excursión, baño e mesmo deportes de aventura.

No alto da ladeira sur das Torrentes atópanse as brañas de Biduído, espazo natural posto en valor anos por iniciativa de ADEGA e unha rede de lugares custo-

diados por entidades de conservación da natureza, grazas á implicación dos comeneiros da parroquia de Ramil, na que se atopa a Eira da Xoana.

Un bocadiño máis afastado, no veciño vale do río Pambre e fronte ao coñecido castelo, a Fundación Eira comprou recentemente boa parte do xacemento do castro de Remonde, axudado por doazóns de persoas sensíbeis co noso patrimonio. Este ano comezouse a manexar a vexetación para permitir a visualización da morfloxía do castro, ao tempo que se conserva e favorece o desenvolvemento da carballeira que se está a rexenerar sobre o mesmo, cuidando a pervivencia das especies características do bosque.

Á marxe destes lugares de especial destaque, a propia contorna inmediata da casa da Eira da Xoana constitúe unha boa mostra da biodiversidade do territorio. Carballos brancos e carballos negros (os denominados cerquiños ou rebolos noutras partes do país) copan o dosel arbóreo, onde non faltan castiñeiros, freixos, cerdeiras e mesmo algunha sobreira e piñeiro do país. Arredor da casa temos algunhas froiteiras tradicionais e téñense plantado outras variedades locais. Tamén se ten creado unha charca para apoiar a presenza de plantas e animais acuáticos, dentro do programa Charcas con Vida. Asemade, trabállase para controlar a proliferación de especies exóticas, principalmente o eucalipto.

Nos vindeiros anos preténdese avanzar na senda da mellora paisaxística e biolóxica, que repercuta positivamente na economía local. Tamén apoiar a protección dos espazos naturais próximos e a divulgación destes recursos biolóxicos, tarefa precisa para acadar o correspondente coñecemento, respecto e implicación, tanto dos habitantes locais como dos centos de persoas que se achegan ás actividades da Aira da Xoana.



GABRIEL.


Um anaquinho de Terra liberada, ponto de encontro para a memoria e o futuro do rural resistente de Galiza".



CONCHITA PAZ MONTENEGRO.

Un descubrimento visual e psíquico. Atopei ou mellor atopeime. A paz, convivencia, ledicia disfrutada cos pes na terra en contacto co mundo sen contaminar... grazas Curra, grazas Salvadores, Marcial e tanta xente que fan posible ese milagre que nos fai sentir parte da nosa terra.

Actualidade ambiental



OS LUMES DOS ANCARES E O COUREL COMPROMETEN GRAVEMENTE A RECUPERACIÓN DO OSO EN GALIZA



As 630 hectáreas queimadas nos espazos da Rede Natura 2000 de Ancares e Courel afectaron áreas de alto valor ecolóxico fundamentais para a recuperación do oso pardo, que amosa querenza por eses vales tranquilos e propicios para o seu re-amentamento. Esiximos da Xunta inmediatas medidas de rexeneración e a aprobación do Plano de recuperación do oso, parado desde 2013.



GOLPE Á BIODIVERSIDADE DA PRAIA DAS CATEDRAIS.

ADEGA denunciou o recheo de dúas charcas, antigas canteiras abandonadas e rexeneradas naturalmente, unha no ZEC As Catedrais e outra, 50m, pertencente á unha área prioritaria para a conservación da avifauna ameazada, perdéndose como refuxio de aves invernantes e en paso.



CIENTÍFICOS/AS DAS 3 UNIVERSIDADES CERTIFICAN DANOS DE FERROATLÁNTICA A HÁBITATS E ESPECIES PROTEXIDAS NO XALLAS

As obras das centrais hidroeléctricas de Fervenza II, Ponte Olveira II e Novo Castrelo na bacía do río Xallas están a afectar negativamente a especies protexidas e hábitats de interese prioritario, segundo un informe de 11 investigadores/as das tres universidades galegas. ADEGA vén de presentar denuncia perante o Fiscal.

QUE É PARA TIA EIRA DA XOANA?



ADRIÁN SERANTES TOBÍO.

A Eira da Xoana é un lugar onde compartir como colectivo o amor i o respecto pola terra e ser participe en primeira persoa dun proxecto que pretende reconectar o ser humano coa natureza.



CLAUDIO RODRÍGUEZ FER.


Para min a Eira da Xoana é unha Grándola vila galega na que a natureza é quen máis ordena: unha terra da fraternidade na que se percibe en cada acto igualdade, en cada ser un amigo e en cada herba liberdade. Sintome satisfeito de ter compartido poesía con habitantes e visitantes deste bosque de cultura galega e memoria antifascista.

ROTEIROS 2015-2016
MEMORIA PÉTREA

25/10 CASTROS DO COUREL
29/11 CASTRO DE VILADONGA - CASTRO DE REI
13/12 CASTRO DE CORVAZAL - SANTA OLAIA DE BÓVEDA
24/01 CASTRO DE REMONDE - PALAS DE REI
21/02 CASTRO DE GOO E PETRÓGLIFO AGRO DO PEPE - O INCIO
13/03 CASTRO DE CERVANTES
17/04 CASTRO DE FAZOURO - FOZ
22/05 CASTRO DE ESPASANTE - ORTIGUEIRA
26/06 CASTRO E PETRÓGLIFOS DE BAROÑA - PORTO DO SON

RESERVA PRAZA: Tfno 982-240299 ou 679-113718. EMAIL: ADEGALUGO@ADEGA.GAL
 SAÍDA: AV RAMÓN FERREIRO (EAC FORMACIÓN DO PROFESORADO) ÁS 9 HORAS,
 AGÁS NO ROTEIRO DE XUÑO, ÁS 8 H.
 PREZO: XERAL, 15€; SÓCIOS/ÁS, 10€; ESTUDANTES/PARADOS, 12€; MENORES, 5€.

OS ROTEIROS SON DE XORNADA COMPLETA.
 AS PERSOAS PARTICIPANTES DEBEN LEVAR COMIDA E ROUPA E CALZADO AXEITADOS.




14-18/09/15: CAMPO DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL no PN do Invernadoiro desenvolvendo diferentes actuacións de divulgación, estudo e conservación da biodiversidade galega. Foi organizado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia e realizado por ADEGA.

ADEGA traballa arreo na defensa ecolóxica de Galiza, como podes ollar neste breve resumo das últimas semanas. Non fiques parada: súmate á defensa ecolóxica de Galiza, visita a nosa web (adega.gal) e participa nos grupos activos ou faite socia/o.

19/09/15: XORNADA DE ELIMINACIÓN DA ESPECIE EXÓTICA INVASORA *Ludwigia grandiflora* no río Limia, dentro do convenio de colaboración entre ADEGA e a Dirección Xeral de Conservación da Natureza.



26-27/09/15: VIII LIMPEZA SIMULTÁNEA DE RÍOS organizada por Proxecto Ríos de ADEGA e promovida pola Fundación Biodiversidad, Augas de Galiza e CH Miño-Sil. Retiráronse máis de 12 toneladas de lixo e participaron un total de 540 voluntarias/os de 43 concellos en 49 ríos en toda Galiza.



3-4/10/15: CAMPO DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL NA ILLA DE SÁLVORA para a eliminación de flora exótica invasora, organizado por ADEGA coa colaboración da DX de Conservación da Natureza e o PNMTIAG.

en imaxes



ESTHER GÓMEZ FÓRNEAS.

A Eira é para min un lugar para disfrutar da tradición galega e así evitar que se perda: oficios, cultura, maneira de estar no mundo... as mellores horas de lecer e a xente máis agarimosa.



PAULO SORIANO.

A Eira da Joana é un espazo maravilhoso, em todos os sentidos. Algo que jamais vi no Brasil. Cultura, ecologia, amizade e fraternidade. Estão de parabéns os galegos que a idealizaram e cumpriram. Para mim, estar na Eira e contornos foi algo de excepcional. Foi maravilhoso, fora de minha terra, receber tanto calor humano.



A Eira de Xoana, ese lugar idílico

Baldomero Iglesias Dobarrío, 'Mero'

Cóñezo a Eira de Xoana desde que foi redescuberta como hoxe é, un anaco de xeografía natural e humana. Fun a ela moita veces, en calquera época do ano, pola noite, polo día, a xantar, a cear, tomar café, tocar, cantar, sentir e soñar. Por iso vos conto aquilo de, ... que todos temos ese lugar idílico que nos prende á terra, á terra Nosa, porque todos nós somos terra e estamos dela presos. Ese lugar umbilical e onfálico que nos fai volver, sobre de nós, para pousar nela, para comprender a súa mensaxe limpa e transparente, para vernos a nós mesmos no espello da súa pureza, para escoitarnos na súa voz e no medio dos murmurios da nosa historia –prendida en cada curro, en cada recanto que chama desde o fondo e chama primeiro polos ollos e, logo, polo sentir- e despois chama a pararse a pensar, para entender e saber da súa lentura, para interpretar a súa música sagrada, para reconecernos fillos na Casa. Esta terra tan sufrida en traxedias de esquecemento e de abandono e, aínda así, que nos acolle e nos ama en total entrega.

Eu teño, na Terra Chá, ese lugar preciso onde o tempo para, a cada instante. Alí se deteñen as imaxes,

conxeladas, pasan os intres ralentizando secuencias e alí, tamén, é onde se cerran as paisaxes todas, feitas verde e pardos, feitas auga e herba. Serven para apercebir un todo que é soamente terra, materia térrea sen máis cualificativos: a terra en si, a terra mesma, a que se desfai nas mans, a que nos mancha e sublima o corpo, a que nos seduce e sucede desde unha fonte

«ENTÓN EU VOU
Á EIRA DE XOANA.
E ALÍ, CARGO
OS PULMÓNS DE
OSÍXENO E DE
FORZA, DE IMPOS E
DE ALENTOS»

manantía que musica tanta beleza, arrodeada de carballos ventureiros que foron medrando nos límites daquel eido, case soñado que escapa das palabras. A súa mensaxe está alí, comunicándome o rumor das folas, os alentos das brisas que veñen darme noticia da procedencia, da herdade, da Nación, da Orixé, da Matria, das foulas que nos habitan e non vemos, da luz, das cores, da lingua que saborea verbas e que nos precisan en melodías sonoras de total precisión e intensidade que se enchen de harmonías onde un, aínda, se perde a soñar e compoñer desexos, recendos. Ese lugar meu é un segredo que teño. Alí eu só me perdo, para escapar do mundo precipitado, das présas e dos demos.

Ai, pero cando quero compartir espazos de sosego. Cando o motor que nos move é conciliar vontades e sentir xuntos, xuntarnos. Cando o que nos priva é soñar xuntos e cantar, percorrer as paisaxes da memoria, da afirmación e da dignidade do Noso, celebrar a vida, ... entón eu vou á Eira de Xoana. E alí, cargo os pulmóns de osíxeno e de forza, de impos e de alentos. E canto, canto cancións entre amigos, tocamos pezas de baile e de namoro. Xuntos cantamos ese canto que aprendín, xa de pequeno, naquel lugar da Terra Chá que, para vós, segue a ser un segredo. Porque a Eira de Xoana é un espello perfecto daquel meu lugar segredo. E eu, perdoade, cántovos e cantareivos belezas daquel misterio que me concilia comigo mesmo.

QUE É PARA TI A EIRA DA XOANA?

AFONSO SUCASAS, DO GRUPO MUSICAL BICO DA BALOUTA. Coa boa xente, a feira, a festa e a natureza, fai da Eira da Xoana un sitio singular no rural galego.



BELÉN. A Eira da Xoana é para min un espazo de convivio, e preciso que sigamos buscando o canto do cuco, da curuxa, a chuva nas folas das árbores para recordar o patrimonio que temos que defender nestes. XXI

